

Planos (en formato papel e dixital):

1. Plano das parcelas SIXPAC afectadas por este instrumento de xestión forestal específico.
2. Plano de infraestruturas.
3. Plano de usos do solo (segundo normativa urbanística e segundo IFN3).
4. Plano de estratos forestais.
5. Plano de zonificación segundo intensidades de xestión e teselas.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 13 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establece unha convocatoria de listas de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia, promovidas por esta secretaría xeral.*

A Secretaría Xeral de Emigración é o órgano ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, e as relacións coas comunidades galegas no exterior. Para cumprir con estas competencias executa unha completa programación asistencial, formativa, laboral, educativa e cultural en favor destas comunidades. Dentro das accións de carácter formativo e cultural inclúense os seminarios de folclore tradicional e cociña galega, que contribúen a dinamizar a vida das entidades galegas no exterior, a potenciar o coñecemento das nosas tradicións e a afondar na formación dos emigrantes galegos, en especial da mocidade.

Para o desenvolvemento destas accións formativas, a secretaría debe seleccionar os profesionais adecuados, con experiencia nas distintas modalidades e con criterios de calidade e transparencia.

En virtude das atribucións legalmente conferidas, a Secretaría Xeral de Emigración

#### RESOLVE:

Primeiro.-Convocar listas de formadores para impartir seminarios fóra de Galicia.

Convocar listas de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia, para emigrantes galegos e os seus descendentes nas especialidades que convoque a Secretaría Xeral de Emigración segundo as bases que figuran no anexo I desta resolución.

Segundo.-Modelo de solicitude.

Publicar o modelo de solicitude que deberán utilizar os interesados, que estará dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, perante a Secretaría Xeral de Emigración, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, ou ben interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2008.

Manuel Luís Rodríguez González  
Secretario xeral de Emigración

#### ANEXO I

Convocatoria de listas de formadores colaboradores para impartir os seminarios promovidos pola Secretaría Xeral de Emigración, áreas xeográficas de realización dos seminarios, e efectos da inscrición.

Bases:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta convocatoria ten por obxecto a elaboración da lista de formadores colaboradores para impartir seminarios promovidos pola Secretaría Xeral de Emigración, fóra de Galicia.

Artigo 2º.-*Clasificación das actividades formativas.*

1. Cada un dos formadores inscribírase, segundo a súa especialización e os seus coñecementos, nunha ou varias actividades das relacionadas a continuación:

a) Folclore tradicional galego: baile, gaita, percusión, pandeireta, canto, outros instrumentos do folclore galego novidosos (frouta, requintas...).

b) Cociña tradicional galega.

2. A Secretaría Xeral de Emigración poderá modificar, en calquera momento, a clasificación de actividades formativas, de acordo coa planificación dos programas formativos que aprobe, co diagnóstico das necesidades formativas ou coas demandas reais de formación específica dos seus destinatarios.

Artigo 3º.-*Áreas xeográficas de realización de actividades formativas.*

Os formadores poderán inscribírase nunha ou varias áreas xeográficas. As áreas e países onde se realiza-

rán os cursos, en función das convocatorias da Secretaría Xeral de Emigración, serán os seguintes:

-España.

-Europa: Alemaña, Bélxica, Francia, Países Baixos, Portugal, Principado de Andorra, Reino Unido e Suíza.

-América: Arxentina, Brasil, Canadá, Chile, Costa Rica, Cuba, Ecuador, Estados Unidos, México, Panamá, Paraguai, Perú, República Dominicana, Uruguai e Venezuela.

#### Artigo 4º.-*Candidatos.*

Poderán solicitar a súa inscrición como formador as persoas que posúan unha titulación e/ou experiencia profesional, competencia pedagóxica na/s área/s formativa/s, e reúnan os seguintes requisitos:

1. Para os formadores que se inscriban nas actividades de folclore:

-Estar en posesión da titulación oficial ou acreditar coñecementos suficientes que garantan de maneira fidedigna un alto grao de cualificación nas materias das cales aspiran a ser formadores.

-Experiencia profesional: posuír experiencia profesional nas materias que se van impartir, tales como dirixir ou ser membro de grupos de baile, bandas de música.

-Experiencia docente acreditada en organismos públicos ou privados.

2. Para os formadores que se inscriban nas actividades de cociña:

-Estar en posesión de titulación oficial en hostalaría ou acreditar coñecementos suficientes que demostren de maneira fidedigna un alto grao de cualificación nas materias das cales aspiran a ser formadores.

-Experiencia profesional: posuír experiencia na hostalaría, que probe o coñecemento da gastronomía galega.

-Experiencia docente acreditada en organismos públicos ou privados.

#### Artigo 5º.-*Procedemento de inscrición e recursos.*

1. Para inscribirse nesta lista, os interesados deberán presentar modelo de solicitude normalizada que figura como anexo a esta resolución que se poderá obter na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración: [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com).

Estas solicitudes deben presentarse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral de Emigración ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude, presentárase un *curriculum vitae* e acreditación documental en orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

-Titulacións oficiais relacionadas coa especialidade en que solicitan a inscrición.

-Experiencia profesional.

-Experiencia docente.

-Formación complementaria.

-Calquera outro mérito que o solicitante desexe facer constar.

A Secretaría Xeral de Emigración poderá requirir os solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden os posibles erros e presenten a documentación. Se transcorrido este prazo non se emendaran as deficiencias observadas, entenderase que a persoa solicitante desiste da súa petición, logo de resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Emigración poderá completar os méritos alegados coas probas e informes que coide oportunos.

#### 2. Prazo de inscrición:

Poderase solicitar a inscrición nesta lista de formadores no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

#### 3. Alegacións e recursos.

A comisión avaliadora prevista no artigo 6º elaborará unha lista provisional que se publicará na súa páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com), en que se expresará o baremo provisional e, de ser o caso, as causas de exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de dez días para formular as alegacións que consideren oportunas. As posibles reclamacións serán analizadas e, unha vez resoltas, elaborárase a lista definitiva que se elevará á secretaria xeral, para que se dite a correspondente resolución. Esta resolución será publicada de igual modo que a lista provisional.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Secretaría Xeral de Emigración no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa.

4. A presentación da solicitude de inscrición implicará a aceptación íntegra das bases desta resolución.

5. A Secretaría Xeral de Emigración, mediante resolución motivada e logo de audiencia ao interesado, poderá rexeitar aqueles solicitantes que non acrediten méritos suficientes en relación coa especialidade solicitada.

*Artigo 6º.-Comisión avaliadora.*

A valoración dos méritos alegados polos solicitantes será realizada por unha comisión avaliadora que actuará como órgano instrutor, integrada polo subdirector de programas sociais e dous funcionarios da Secretaría Xeral de Emigración.

*Artigo 7º.-Criterios de valoración.*

Os criterios de valoración para o outorgamento dos seminarios serán os que se sinalan a continuación, tendo en conta que só se valorarán na experiencia docente e na experiencia profesional aos últimos 15 anos desde a publicación desta resolución:

1. Experiencia como docente en organismos oficiais (escolas, concellos, etc.):

-Máis de 1.200 horas: 10 puntos.

-De 1.000 horas a 1.200 horas: 9 puntos.

-De 800 horas a 1.000 horas: 8 puntos.

-De 450 a 800 horas: 7 puntos.

-De 150 horas a 450 horas: 6 puntos.

2. Titulación académica específica da especialidade á que concorre:

-Grao superior: 6 puntos.

-Grao medio: 4 puntos.

-Grao inicial: 2 puntos.

3. Experiencia profesional pola súa pertenza a un grupo folclórico ou de cociña:

-Máis de 10 anos: 5 puntos.

-De 5 a 10 anos: 4 puntos.

-Ata 5 anos: 3 puntos.

No caso de empate entre dous ou máis candidatos, daráselle prioridade a quen obteña unha maior puntuación segundo a orde establecida de baremación nesta resolución.

Terán preferencia os candidatos que, reunindo os requisitos, residan nos lugares onde se van impartir os seminarios ou na súa proximidade.

*Artigo 8º.-Réxime de chamamento para impartir os seminarios.*

1. Unha vez realizada a selección dos profesores, por orde de puntuación acadada e a área xeográfica elixida, daráselles a estes a posibilidade de elixir os seminarios que desexen impartir, tendo en conta os circuítos que a secretaria xeral teña programados.

A Secretaría Xeral de Emigración poderá programar circuítos de seminarios en áreas ou localidades próximas, de forma que un profesor imparta dous ou máis cursos, se fose necesario.

2. Forma de chamamento:

O chamamento efectuarase mediante correo electrónico e realizarase por área xeográfica e por orde de puntuación.

*Artigo 9º.-Efectos da inscrición.*

1. Os solicitantes inscritos poderán ser seleccionados como formadores colaboradores para a execución das actividades formativas da Secretaría Xeral de Emigración.

2. A inscrición non outorga dereito ao nomeamento como formador.

3. Os formadores colaboradores serán nomeados polo secretario xeral de Emigración, de acordo co establecido no artigo 280 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e serán remunerados de acordo coas instrucións de retribución que a Secretaría Xeral de Emigración estableza.

*Artigo 10º.-Presentación de novas inscricións e actualización das listas.*

A partir da publicación das listas definitivas poderanse presentar novos méritos e novas solicitudes de inscrición dúas veces ao ano, unha antes da data do 15 de xuño, e outra antes da data do 15 de decembro. Rematado o prazo publicaranse as listas actualizadas.

O estado da lista poderá ser consultado na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com).

*Artigo 11º.-Baixa na lista de formadores.*

Os formadores causarán baixa na lista de formadores por algunha das seguintes causas:

-Por renuncia expresa.

-Por resolución da Secretaría Xeral de Emigración á vista de dous ou máis informes negativos emitidos polas entidades galegas en que se desenvolvan as accións formativas e logo de audiencia do interesado.

-Por resolución da Secretaría Xeral de Emigración á vista da falsidade dos datos achegados para a súa inscrición e logo de audiencia do interesado.

*Artigo 12º.-Avaliación.*

Os profesores estarán sometidos a un proceso de avaliación continua pola Secretaría Xeral de Emigración, para o cal se terán en conta os informes emitidos polas entidades galegas en que imparten os cursos e polos alumnos asistentes ás actividades formativas.

